

CONVENIO DE COLABORACIÓN EN MATERIA DE ESCLEROSE MÚLTIPLE ENTRE O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE E O LABORATORIO MERCK S.L.U

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O xerente do Servizo Galego de Saúde, **DECLARA:**

Que o Servizo Galego de Saúde formalizou coa entidade Merck, S.L.U. o instrumento convencional arriba referido, o cal terá unha vixencia dun ano, a partir do día seguinte ao da súa firma (12 de novembro).

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Definir o ámbito das relacións de colaboración entre as partes firmantes, para traballar conxuntamente para a mellora do abordaxe da Esclerose Múltiple nas diferentes etapas do paciente: prediagnóstico, diagnóstico, atención socio-sanitaria e a súa vida coa enfermidade, e nos diferentes niveis clínico, psicológico cognitivo, emocional e social.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxectivo referido.

Que o instrumento convencional que se asina se fundamenta no seguinte:

A Consellería de Sanidade, a través do Servizo Galego de Saúde, ten como un dos seus obxectivos a prevención e a atención sanitaria. A súa finalidade é impulsar, planificar, coordinar e avaliar as actuacións levadas a termo para mellorar o proceso de atención e, isto, coa implicación de todos os axentes do sistema de saúde e do sistema social, co remate de establecer un marco de actuación integral.

Outro dos obxectivos relacionados é a mellora da utilización dos medicamentos, tanto na atención primaria de saúde como na atención hospitalaria e sociosanitaria. Neste sentido, unha das liñas de

actuación consiste no impulso de actividades dirixidas á mellora de aspectos como a educación sanitaria dos pacientes e cidadáns e o bo uso dos medicamentos, a súa adherencia aos tratamentos prescritos, a formación científica dos profesionais sanitarios ou a investigación nestas materias, coa finalidade de mellorar a atención e o servizo de saúde aos pacientes.

Pola súa parte, MERCK, S. L.U. ten entre os seus obxectivos prioritarios a investigación, innovación e formación na área da saúde e da atención a pacientes, e neste contexto, está solicitada en poñer en marcha e/ou apoiar proxectos que, de calquera forma, poidan mellorar as condicións clínicas e de calidade de vida dos pacientes así como promover e colaborar en proxectos de investigación e formación dos profesionais que contribúan a mellorar o nivel de competencia profesional, no espazo da Esclerose Múltiple.

A entidade quere aliñarse cos obxectivos dos demais asinantes expresados anteriormente, e implicarse como axente colaborador mediante a expresión das pautas e liñas xerais contidas no presente protocolo, en relación á mellora da atención sanitaria.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

